

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 29/05/1968

Colección:

Data: 29/05/1968

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Destino:

Montevideo, 1985, 13º (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel. 211562 / Vigo

Temáticas:

Artes; Emigración; Espazos artísticos; Frigoríficos Berbés S.A.; Literatura; Medios de comunicación; Migracións; Radio; Salnés, Coleición de Poesía Galega;

Mencionados:

Manuel Colmeiro; Isaac Díaz Pardo; Antonio Faílde Gago; Laxeiro; Manuel Fuentes Jorge; Carlos Maside; Alfonso Paz-Andrade; Rafael J. Portanet Suárez; Pilar Rodríguez de Prada; Maruxa Seoane; Manuel Torres;

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 29/05/1968

Vigo, 29 de mayo de 1968

Sr. D.

Luis SEOANE LÓPEZ

Montevideo, 1985 - piso 3º dep. 68

Buenos Aires

Querido Luis:

Fai meses que teño pendente de resposta a tua derradeira carta. Demorei contestala por ter conocimiento de que o Xerente de "Frigoríficos Berbés S.A.", enviouche un plano da fachada onde debe colocarse o mural coas medidas. Como o resto está xa rematado, hoxe pedinlle unha nova foto que ordeará facer, onde o espacio reservado pra o teu arte fica con cara de cemento.

Tamén motivou a demora, a promesa do Alcalde renovada varias veces xa, de ir conmigo un día ao Castro pra mercar un lote dos teus cadros e outro dos de Isaac. Como e home tan ocupado aínda non pudo dispor de unhas horas pra facer o viaxe, mais sigue no mesmo pensamento. Derradeiramente mercoulle 4 oleos a Torres e 12 a Colmeiro. Todo o de Maside será depositado tamen en Castrelos. Consiguete ademais 6.000.000 de ptas. pra construír un novo edificio próximo ao Pazo, adicado totalmente a Museo.

Con Isaac estiven o día 24, con motivo d-unha conferencia que din na Cruña, onde se ven celebrando un ciclo orgaizado pol-o Instituto Cornide. Sei que editou dous libros mais, un adicado a ti. Aínda non-os recibín.

Supoño que pensarás no pensamento de voltar en Outubro. Denantes deberías mandar si podes o proxecto do mural.

No Correo Gallego de Santiago, publicóuse o teu parrafeo sobre Fuentes Jorge pol-a Radio. Fixome lembrar os meus tempos, nos que tamen frecuentaba a Librería de Rubial.

Laxeiro e Failde fixeron derradeiramente en Madrid dos exposicións [sic], verdadeiramente extraordinarias. Failde vendéu moito. De Laxeiro sei de algunha venda, mais non teño toda información sobre éste punto.

O meu libro de poemas editarase na colección Salnés. Levará pol-o tanto a portada que levan os outros libros xa publicados.

Coas nosas millores lembranzas pra Maruxa que Pilar e Alfonso manda tamen pra tí, recibe unha cordial aperta do teu sempre incondicioal amigo enteiro e verdadeiro,

Valentín

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.